

CONVOCATORIA SESIÓN PLENARIA

Vista a relación de expedientes concluídos posta a disposición desta Alcaldía aos efectos da súa inclusión na orde do día da sesión ordinaria que o Pleno da Corporación deberá celebrar, despois de emitido o decreto de convocatoria de data 27.02.23, e de conformidade co aprobado pola Corporación sobre periodicidade de sesións de carácter ordinario plenarias,

En uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía polo artigo 21.1c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF),

CONVOCO sesión **ORDINARIA** do Pleno da Corporación que se celebrará **no Salón de Sesións** da Casa do Concello o vindeiro **XOVES, día 02 de MARZO /2023 ás 20 HORAS**, en primeira convocatoria, e no caso de non existir quórum necesario en segunda convocatoria dous días despois á mesma hora; para tratar os asuntos relacionados na Orde do Día.

ORDE DO DÍA

I) PARTE DISPOSITIVA

1º.- Aprobación, se procede, de borradores de actas de sesión anteriores: 02.02.2023 (Ordinaria); 09.02.2023 (Extraordinaria); 16.02.2023 (Extraordinaria).

2º.- Rectificación de erro material detectado na vixente Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmóveis.

3º.- Corrección de erro en acordo de participación no Plan Provincial de Obras e Servizos de Competencia Municipal POS+2023.

II) CONTROL DE ACTIVIDADE DO PLENO

4º.- Dar conta de decretos da Alcaldía emitidos no mes de xaneiro de 2023.

5º.- Rogos e preguntas.

A presente convocatoria entregárase a todos os membros da Corporación, así como á intervención xeral, procedéndose á súa publicación no taboleiro de edictos e na web municipal.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE POLO SR. ALCALDE